



## AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

ORDE do 12 de maio de 2020 (D.O.G. 19-05-2020) pola que se regula o fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/2021.

### NORMAS XERAIS

**DATOS DO CENTRO:** Estes son os datos do centro para cubrir a solicitude nas casañas correspondentes:

**Denominación: C.P.I. AS MIRANDAS - Tipo: Público - Concello: Ares - Código: 15000338**

**PRESENTACIÓN:** As solicitudes en soporte papel, entregaranse **nos centros docentes** nos que estea admitido o alumnado, ou nos rexistros oficiais. Tamén se poderán presentar a través da aplicación Fondo Libros. Presentarase **unha única solicitude para todas as axudas**, e se un solicitante ten varios fillos ou fillas matriculados, deberá presentar unha soa solicitude para todos eles. As axudas serán solicitadas polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

**PRAZO:** Para todo o alumnado, do 20 de maio ao 19 de xuño de 2020, ambos incluídos.

**SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN:** As instancias poderán obterse no centro, nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Educación, na aplicación Fondo Libros e tamén se poderán descargar na páxina <http://www.edu.xunta.gal> na sede da Xunta, <https://sede.xunta.gal> ou na páxina web do centro. Unha vez cuberta a solicitude deberá presentarse, asinada polo pai, a nai ou titor/a do alumnado.

Xunto coa solicitude presentarase **orixinal e copia** da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais:

#### - Alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

- a) Libro ou libros de familia no/s que figuren todos os membros da unidade familiar. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante, se a houbera.

**Só nos casos de** non ter libro de familia, ou se a situación familiar, a día 31 de decembro de 2018, non coincide coa do libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Certificado ou volante de convivencia do Concello.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá acompañarse dos documentos que acrediten esta circunstancia a 31 de decembro de 2018, se non é da Xunta de Galicia.

- c) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar, a documentación acreditativa do feito.

O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes aclaración ou complementación da documentación presentada.

#### DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR:

1. Para os efectos previstos nesta orde, e con referencia á situación familiar en 31 de decembro de 2018, considérase que conforman a unidade familiar:

- a) Os proxenitores non separados legalmente ou divorciados e, se fora o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.
- b) Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos/as emancipados/as.
- c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os fillos ou fillas solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa progenitora separada legalmente ou divorciada cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que por novo matrimonio ou unión de feito, conviva no domicilio familiar co/a proxenitor/a, agás no caso de custodia compartida.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles, e que reúnan os requisitos antes mencionados.

3. Non se considerará computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, agás en caso de custodia compartida, nin o agresor nos casos de violencia de xénero.

#### **RENDA PER CÁPITA:**

1. Enténdese por renda per cápita a renda familiar do exercicio 2018 dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.

2. Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar, **computaranse por dous** os membros da familia, incluído/a o/a alumno/a, que figuren na solicitude e teñan recoñecida en 31 de decembro de 2018 unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

3. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2018 e o exercicio fiscal 2018.

4. A renda familiar obterase pola suma das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2018, **sumarán os recadros 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro)**. No caso de non presentar declaración, terán que sumar os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2018.

#### **DETALLES ESPECÍFICOS DE CADA CONVOCATORIA:**

##### **I) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:**

**OBXECTO DA CONVOCATORIA:** Ten por obxecto regular o fondo solidario de libros destinado ao alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Non terá dereito a esta axuda o alumnado participante no proxecto E-DIXGAL.

**ASIGNACIÓN DE LIBROS:** O centro asinará o uso dos libros de texto dispoñibles **en orde inversa á renda per cápita** da unidade familiar. O alumnado con discapacidade superior ao 65% terá preferencia de adxudicación. A **relación provisional** de solicitudes admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro o día **10 de xullo de 2020**. Poderase formular reclamación contra a mesma no prazo dos dous días seguintes. A **relación definitiva** de solicitudes admitidas publicarase polos medios anteriormente mencionados o **17 de xullo** para educación primaria e o **14 de setembro** para ESO.

**OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:** Conservar en bo estado os libros de texto adquiridos coas axudas, así como devolvelos ao fondo solidario ao rematar o curso escolar 2020/2021, agás se non é reutilizable (1º e 2º).

**ENTREGA DE LIBROS:** Os libros entregaranse ao alumnado beneficiario do fondo solidario o **día de inicio** das clases en educación primaria e a partir do **16 de setembro** en educación secundaria.

**DEVOLUCIÓN DE LIBROS:** Os libros do curso actual 2019-20, adquiridos coas axudas, devolveranse no centro antes do día 7 de xullo, agás en educación secundaria aquel alumnado que os necesite para preparar a convocatoria extraordinaria de setembro, que os poderá ter ata o 7 de setembro.

##### **II) AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:**

**OBXECTO DA CONVOCATORIA:** Convócanse as axudas para a adquisición de libros de texto para o alumnado matriculado en 1º e 2º de educación primaria, ou en educación especial en centros sostidos con fondos públicos no curso escolar 2020/2021.

**CONTÍA DAS AXUDAS:** A Consellería de Educación aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos, nos seguintes importes por alumno ou alumna e curso, segundo a **renda per cápita familiar do ano 2018:**

###### **Educación primaria:**

- Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €, un vale de 210 €.
- Renda per cápita familiar desde 6.000,01 ata 10.000,00 €, un vale de 140 €.

O alumnado que presente unha minusvalía igual ou superior ao 65%, que solicite a axuda e que cumpra os requisitos desta orde recibirá un importe de 275 €, con independencia da renda per cápita familiar.

##### **III) AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR:**

**OBXECTO DA CONVOCATORIA:** A convocatoria de material escolar dirixese ao alumnado matriculado en calquera curso de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial cuxa unidade familiar teña unha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros.

**CONTÍA DA AXUDA:** Será de **50 € por alumno/a**.

**ADQUISICIÓN DO MATERIAL ESCOLAR.** Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir material escolar no correspondente establecemento, á súa libre escolla, e polo importe máximo que figura no documento. As persoas beneficiarias do vale deberán usalo o antes posible e como máximo até o día 8 de abril de 2021 (inclúense aquí os caderniños do alumnado).